



# Proxeccións de poboación a curto prazo. 2022-2037

Resumo de resultados 09/12/2022

## Índice

Introdución.....	1
Variación da poboación.....	1
Variables demográficas proxectadas.....	5
Indicadores de envellecemento proxectados.....	7
Anexo.....	10

## Introdución

A partir da información proporcionada polas proxeccións a curto prazo elaboradas cada dous anos polo [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#), o IGE elabora a desagregación territorial das mesmas, ata o nivel de comarcas. Preséntanse neste momento os resultados obtidos para o período temporal 2022-2037, por sexo e grupos quinquenais de idade.

O efecto da COVID-19 modificou as hipóteses de evolución futura da mortalidade e dos movementos migratorios para os primeiros anos da proxección; estes cambios poden consultarse na [metodoloxía](#).

## Variación da poboación

No caso de mantérense as tendencias demográficas actuais, Galicia presentaría un comportamento de crecemento poboacional dende 2022 ata 2027, pasando a decrecer no período 2028-2037; no total do período de proxección experimentaríase unha caída do 1,3%. Por provincias, serían as de Lugo e Ourense as que manifestarían diminucións máis acusadas, dun 5% e 3% respectivamente no período considerado, mentres que nas provincias de A Coruña e Pontevedra estas diminucións serían do 0,7% e 0,3% respectivamente.

A diminución da poboación galega explicaríase maioritariamente polo saldo vexetativo negativo no período, que seguiría a tendencia observada nos últimos anos, cunha diferenza cada vez máis ampla entre nacementos e defuncións. Así, se en 2022 o saldo vexetativo se situará na cifra de -19.115 persoas, en 2036 proxéctase en -19.556. Cómpre salientar a diferente evolución de ambas variables: o número de nacementos seguirá unha senda descendente ata 2027,



momento no cal iniciará unha senda de crecemento que situará a cifra en 2036 nun valor máis elevado que o actual; pola contra, o número de defuncións aumentará de forma continuada dende 2024 e durante todo o período da proxección.

Porén, o saldo migratorio en Galicia presentaría signo positivo en todo o período da proxección, acadando o seu valor máximo no ano 2024, 20.118 persoas. A partir desa data comezará tamén a diminuír, aunque manténdose en valores positivos durante todo o horizonte da proxección.

### **Poboación residente no 1 de xaneiro de cada ano. Galicia e provincias**

*Unidade: persoas, tanto por cento (%)*

<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2037</b>	<b>Taxa de variación</b>
Galicia	2.691.557	2.656.611	-1,3
- A Coruña	1.120.185	1.112.804	-0,7
- Lugo	324.419	308.288	-5,0
- Ourense	304.104	295.087	-3,0
- Pontevedra	942.849	940.431	-0,3

*Fonte: INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))*

*Nota: os datos do ano 2021 constitúen o punto de partida para a elaboración das proxeccións e proceden das Cifras de población do INE para os ámbitos xeográficos de Galicia e provincias*

## Poboación residente no 1 de xaneiro de cada ano. Áreas xeográficas

Unidade: persoas, tanto por cento (%)

Espazo	2022	2037	Taxa de variación
A Coruña suroriental	64.719	60.943	-5,8
Ferrol-Eume-Ortegal	185.080	174.754	-5,6
Área da Costa da morte	131.902	122.080	-7,4
A Barbanza-Noia	98.216	95.788	-2,5
Área da Coruña	442.907	458.536	3,5
Área de Santiago	197.361	200.703	1,7
Lugo sur	47.497	45.864	-3,4
Lugo oriental	36.160	32.004	-11,5
Lugo central	170.666	163.431	-4,2
A Mariña	70.096	66.989	-4,4
O Carballiño-O Ribeiro	41.166	38.421	-6,7
Ourense central	45.532	42.010	-7,7
Ourense sur	75.631	68.640	-9,2
Área de Ourense	141.775	146.017	3,0
Pontevedra nororiental	65.800	62.917	-4,4
Pontevedra sur	110.225	111.254	0,9
Caldas-O Salnés	144.065	145.759	1,2
O Morrazo	81.685	79.545	-2,6
Área de Pontevedra	125.564	126.589	0,8
Área de Vigo	415.510	414.366	-0,3

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos do ano 2021 constitúen o punto de partida para a elaboración das proxeccións e proceden das Cifras de poboación do INE para os ámbitos xeográficos de Galicia e provincias

Por áreas (agrupación de comarcas), as que presentarían un maior decrecemento poboacional no período 2022-2037 serían as de Lugo oriental, cunha diminución do 11,5%, a de Ourense sur, cun decrecemento do 9,2%, a de Ourense central, cun descenso do 7,7%, e a Área da Costa da morte, cunha diminución do 7,4%.

Segundo estas estimacións, dúas comarcas perderían en torno a unha quinta parte da súa poboación nos próximos quince anos: Ortegal e A Fonsagrada, con decrecementos no período 2022-2037 superiores ao 20%. Por outra banda, prevese que varias comarcas gañen poboación no período considerado: a de A Coruña, é a que máis incremento experimentará, cifrado no 4,2%, seguido de Santiago, cun incremento do 3,7%; tamén gañarán poboación O Salnés, O Condado, Ourense, o Baixo Miño e Pontevedra.

### Variación da poboación residente entre 2022 e 2037. Comarcas

*Unidade: tanto por cento (%)*



*Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))*

*Nota: os datos do ano 2021 constitúen o punto de partida para a elaboración das proxeccións e proceden das Cifras de poboación do INE para os ámbitos xeográficos de Galicia e provincias*

## Variáveis demográficas proxectadas

A poboación galega presenta valores negativos no seu saldo vexetativo, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos. Para o período de proxección considerado, 2022-2036, estímase 214.785 nacementos e 504.575 defuncións en Galicia, o que daría lugar a un saldo vexetativo negativo de -254.842 persoas. Por áreas, todas elas presentarían un saldo vexetativo negativo no período de proxección.

### Nacementos, defuncións, saldo vexetativo e saldo migratorio proxectados para o período 2022-2036. Galicia e áreas xeográficas

*Unidade: persoas*

<b>Espazo</b>	<b>Nacementos</b>	<b>Defuncións</b>	<b>Saldo vexetativo</b>	<b>Saldo migratorio</b>
Galicia	214.785	504.575	-289.790	254.842
A Coruña suroriental	5.176	14.196	-9.020	5.245
Ferrol-Eume- Ortegal	13.025	39.932	-26.907	16.579
Área da Costa da morte	9.330	29.010	-19.680	9.860
A Barbanza-Noia	7.614	18.567	-10.953	8.525
Área da Coruña	41.797	72.891	-31.094	46.721
Área de Santiago	15.202	31.573	-16.371	19.712
Lugo sur	5.052	12.835	-7.783	6.151
Lugo oriental	2.103	9.470	-7.367	3.211
Lugo central	11.484	34.939	-23.455	16.223
A Mariña	5.068	14.804	-9.736	6.628
O Carballiño-O Ribeiro	2.258	10.886	-8.628	5.885
Ourense central	3.028	11.195	-8.167	4.648



<b>Espazo</b>	<b>Nacementos</b>	<b>Defuncións</b>	<b>Saldo vexetativo</b>	<b>Saldo migratorio</b>
Ourense sur	3.951	21.204	-17.253	10.264
Área de Ourense	11.580	25.830	-14.250	18.495
Pontevedra nororiental	5.573	13.870	-8.297	5.414
Pontevedra sur	9.132	18.915	-9.783	10.810
Caldas-O Salnés	11.704	26.156	-14.452	16.144
O Morrazo	6.470	12.294	-5.824	3.686
Área de Pontevedra	9.915	20.728	-10.813	11.839
Área de Vigo	35.328	65.276	-29.948	28.804

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

### Índice sintético de fecundidade proxectado. Galicia e provincias

<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2036</b>
Galicia	1,02	1,11
- A Coruña	1,03	1,11
- Lugo	0,99	1,15
- Ourense	0,95	1,04
- Pontevedra	1,05	1,11

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Nos próximos anos prevese un aumento do índice sintético de fecundidade en Galicia, que pasaría de 1,02 en 2022 a 1,11 fillos por muller en 2036.



## Indicadores de envellecemento proxectados

A idade media da poboación de Galicia sitúase nos 47,5 anos. O seu valor increméntase ano tras ano e espérase que en 2037 se sitúe nos 51,7.

### Idade media. Galicia e provincias

*Unidade: anos*

<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2037</b>
Galicia	47,5	51,7
- A Coruña	47,2	51,3
- Lugo	50,0	53,2
- Ourense	50,8	54,1
- Pontevedra	45,9	50,8

*Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))*

A partir da información por grupos de idade pódense obter indicadores proxectados como, por exemplo, o índice de envellecemento (relación entre a poboación de 65 e máis anos con respecto á poboación menor de 20 anos) que, de seguir as tendencias actuais, reflectiría un maior envellecemento de zonas xa envellecidas na actualidade. Unicamente reduciría o envellecemento a área de Lugo sur.

### Índice de envellecemento. Galicia e áreas xeográficas

*Unidade: tanto por cento (%)*

<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2037</b>
Galicia	167,3	251,9
A Coruña suroriental	211,1	290,4
Ferrol-Eume-Ortega	197,4	291,1
Área da Costa da morte	230,1	322,6
A Barbanza-Noia	160,5	250,4



<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2037</b>
Área da Coruña	140,4	207,1
Área de Santiago	129,8	228,3
Lugo sur	319,4	266,5
Lugo oriental	348,1	404,5
Lugo central	188,3	283,8
A Mariña	198,2	286,5
O Carballiño-O Ribeiro	334,5	383,1
Ourense central	262,3	316,1
Ourense sur	395,6	484,6
Área de Ourense	167,1	247,9
Pontevedra nororiental	228,5	275,5
Pontevedra sur	148,9	230,0
Caldas-O Salnés	141,6	234,7
O Morrazo	129,7	237,4
Área de Pontevedra	133,5	233,9
Área de Vigo	131,9	228,3

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Outro indicador que se inclúe nesta publicación é o índice de sobreenvellecemento (proporción de poboación de 85 e máis anos con respecto á poboación de 65 ou máis anos); o seu valor medio para o conxunto de Galicia diminuirá levemente entre 2022 e 2037, pasando do 20,0% a 19,6% no período. A súa evolución por áreas será dispar; nalgunhas, como na área de Lugo sur, o índice de sobreenvellecemento diminuirá 4,9 puntos; noutras, pola contra, aumentará, coma no da Área da Costa da morte onde aumentará 1,9 puntos entre 2022 e 2037.





## Índice de sobreenvellecemento. Galicia e áreas xeográficas

Unidade: tanto por cento (%)

<b>Espazo</b>	<b>2022</b>	<b>2037</b>
Galicia	20,0	19,6
A Coruña suroriental	22,5	22,4
Ferrol-Eume-Ortegal	19,7	20,2
Área da Costa da morte	19,7	21,6
A Barbanza-Noia	19,1	18,9
Área da Coruña	18,0	17,9
Área de Santiago	18,7	18,6
Lugo sur	27,6	22,7
Lugo oriental	25,1	21,9
Lugo central	22,9	19,4
A Mariña	20,4	18,0
O Carballiño-O Ribeiro	24,3	24,3
Ourense central	24,2	20,8
Ourense sur	23,9	24,4
Área de Ourense	21,8	20,9
Pontevedra nororiental	24,5	22,7
Pontevedra sur	19,9	18,6
Caldas-O Salnés	18,3	19,9
O Morrazo	15,6	17,0
Área de Pontevedra	18,9	19,7
Área de Vigo	16,5	17,8

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

## Anexo

Comarcas que compoñen cada área xeográfica considerada:

- **A Coruña suroriental:** comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide
- **Ferrol-Eume-Ortegal:** comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
- **Área da Costa da morte:** comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas
- **A Barbanza-Noia:** comprende as comarcas da Barbanza e Noia
- **Área da Coruña:** comprende as comarcas da Coruña e Betanzos
- **Área de Santiago:** comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago
- **Lugo sur:** comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos
- **Lugo oriental:** comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria
- **Lugo central:** comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá
- **A Mariña:** comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental
- **O Carballiño-O Ribeiro:** comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro
- **Ourense central:** comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras
- **Ourense sur:** comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana
- **Área de Ourense:** comprende a comarca de Ourense
- **Pontevedra nororiental:** comprende as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes
- **Pontevedra sur:** comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado
- **Caldas-O Salnés:** comprende as comarcas de Caldas e O Salnés
- **O Morrazo:** comprende a comarca do Morrazo
- **Área de Pontevedra:** comprende a comarca de Pontevedra
- **Área de Vigo:** comprende a comarca de Vigo

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:  
[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_proxecciones\\_poboacion\\_2022\\_2037\\_ga.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_proxecciones_poboacion_2022_2037_ga.pdf)



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>